

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2009

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

Lic/695/2009.- David Ortigosa Rey.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Villestro.

Lic/825/2008.- Costoias do Xeixo, S. L.- Edificio composto de dúas plantas de soto, baixo, dúas plantas de piso e baixo cuberta, para oficinas e 4 vivendas en dúplex na rúa Monte do Seixo nº 4 e 6.

DENEGADAS.-

Lic/1543/2008.- Lorygar, S. L.- Recheo e realización de obras na zona de policía do río Sar, na parroquia de Vidán.

SUBSANACION DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE ABRIL DE 2009.-

Lic/956/2007.- Miguel Chenel Otero.- Parcelación urbanística dunha parcela sita no lugar de Abeal de Arriba.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

2033/09.- Montelnor, SCG.- Expte. Lic/757/2009 300 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/2325/2008.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conservación da igrexa da Santa María de Salomé.

LIC/1362/2009.- D. MANUEL VILACOBIA PUGA.- Sustitución de cuberta na rúa Rodas nº 5.

LIC/2257/2008.- LIC/1362/2009.- BENEDICTINAS DEL MONASTERIO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES.- Legalización de restauración do pavimento do zaguán de entrada en rúa San Paio de Antealtares.

LIC/690/2009.- LIC/1362/2009.- BENEDICTINAS DEL MONASTERIO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES.- Renovación de cubertas no convento en rúa de San Paio de Antealtares..

CAMBIO DE TITULARIDADE

LIC/1834/2009.- Cambio de titularidade solicitado por D. Miguel Otero Piñeiro e D. Juan Carlos Guerra Santos da licenza concedida a JESO SL para a rúa dos Basquiños, 32-34.

DISCIPLINAS.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

DIS/661/2009.- Devolución de fianza depositada por dona Sabina López García en garantía da licenza de ocupación provisoria da vía pública cunha estada na Corredoira das Fraguas 37. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/901/2009.- Devolución de fianza depositada por Dona María del Carmen Barreiro Canicoba en garantía da licenza de ocupación provisoria da vía pública cunha estada na rúa dos Lagartos, 30. O importe da fianza é de 601 €.

PROPOSTA DE SANCIÓN

DIS/579/2009.- desestimar tódalas alegacións Presentadas por Dna. María Reina D'Hoore Sánchez en representación de LCA Laboratorio Colaboración Artística polos motivos expostos nos antecedentes e impoñer a Dna. María Reina D'hoore Sánchez en representación de LCA Laboratorio Colaboración Artística a sanción de 1.500 €.

7.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 1.755 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación das Bases e orzamento da prestación do servizo de desenvolvemento do programa de actividade física adaptada no medio acuático.

Apróbanse as bases e un orzamento de 19.158 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da liquidación do CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB-20 DE SELECCIÓN TERRITORIAIS DE FÚTBOL SALA.

Apróbase a liquidación cun resultado positivo de 1.609,71 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de actividades deportivas puntuais do ano 2009.

Apróbase a concesión de subvención a 37 actividades deportivas por un importe global de 70.900 euros.

12.- Adxudicación Provisional do Subministro de instrumentos para a Escola Municipal de Música.

Adxudícase provisionalmente o subministro á empresa VIGO MÚSICA SL, por importe de 37.241,38 euros (IVE a soportar pola Administración):

13.- Adxudicación da subministración de seis traxes estancos de protección fronte a riscos químicos para o Servizo de Extinción de Incendios.

Adxudícase a subministración á empresa MSA The Safety Company, por importe de 17.422,62 euros.

14.- Adxudicación definitiva das obras de Conservación e mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela.

Elévase a definitiva a adxudicación do contrato de referencia subscrito coa empresa ASPAS EMPREGO, SL, por importe de 116.408,56 euros (IVE a soportar pola Administración).

15.- Adxudicación definitivas das obras de Reurbanización da rúa Cruceiro do Gaio e Poza de Bar.

Elévase a definitiva a adxudicación da devandita obra á empresa EXTRACO, S.A., por un importe de 169.877 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses

16.- Adxudicación definitivas das obras de Reurbanización do Campo das Hortas.

Elévase a definitiva a adxudicación da devandita obra á empresa EXTRACO, S.A., por un importe de 169.955 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses.

17.- Adxudicación definitiva das obras de reurbanización da rúa Raxoi.

Elévase a definitiva a adxudicación da devandita obra á empresa NEOR, S.L., por un importe de 156.778,14 euros máis IVE.

18.- Adxudicación provisional do Subministro de mobiliario e equipamento para a Casa das Asociacións de Servizos Sociais.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa PROXECTA ESPACIO ÚNICOS, SL, por importe de 79.591,43 euros

19.- Adxudicación Provisional do Servizo de redacción do proxecto de urbanización da zona de contacto entre o SUNP-6 e o PERI-5 (SAN LÁZARO).

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa ESCALENO ARQUITECTURA, SLP, por importe de 26237,84 euros. (IVE a soportar pola Administración).

20.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación das Bases xerais de selección de traballadores dos "Equipos de obra urbana" para a realización de obras de interese social no ámbito da iniciativa urbana "Santiago Norte".

Apróbanse as devanditas bases.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á liberación de crédito polo importe correspondente á concesión pola Deputación da Coruña dunha axuda para o programa COMPOSTELA ACTIVA PARA 2009.

Acórdase a realización dunha liberación por importe de 44.948, correspondente a unha axuda concedida pola Deputación da Coruña, retido inicialmente no momento da aprobación do programa Compostela Activa 09.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación da convocatoria da edición de NADAL do concurso de escaparatismo SCQ SHOPPING 2009.

Apróbase a actividade e un orzamento de 12.385,27 euros.

23.- Dar conta da corrección de erro no punto número 80 da sesión de 3.11.09.

Corríxese un erro relativo ao tipo de licitación do expediente de Xestión da Escola Municipal de Música, que queda fixado en 218.000 euros/ano.

24.- Dar conta a Xunta de Goberno Local da concesión ao Concello dunha subvención para a realización da feira da Sustentabilidade FEIRA DO SOL.

Dáse conta da concesión dunha subvención por parte da Consellería de Medio Ambiente por importe de 7.390,41 euros.

25.- Dar conta da concesión de subvencións pola Deputación da Coruña.

Dáse conta de dúas subvencións concedidas pola Deputación da Coruña: unha para o programa de animadores culturais para a dinamización educativa, por importe de 7.500 euros; e outra para a Escola Municipal de Música, por importe de 10.000 euros.

URXENCIAS

1.- Adxudicación provisional das obras de reurbanización do espazo público da Calzada de San Pedro.

Adxudícase provisionalmente as devanditas obras á empresa EXTRACO, SA, por importe de 299.686 euros (IVE a soportar pola Administración).

2.-Adxudicación definitiva das obras de reforzo do firme nas vías públicas de Formarís-Igrexa-Gunín.(Enfesta).

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL SA, por importe de 74.296,50 euros (máis IVE a soportar pola Administración).

3.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude ao BANTEGAL da cesión ao Concello de masas comúns.

Solicítase a cesión de dúas masas comúns en Sabugueira Carballal.

4- Pago de resolución do Xurado e xuros debidos por demora en diversas parcelas da expropiación parcial,resto matriz, para o proxecto técnico de ordenación funcional da rúa de San Lázaro. (Camiño Francés.Tramo estrada N-547).

Acórdase executar as resolucións adoptadas polo xurado de Expropiación de Gaiica relativas ao prezo xusto de 5 parcelas e proceder ao pago das cantidades debidas em concepto de xuros e prezo xusto.

5.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello e o curso universitario internacional MÚSICA EN COMPOSTELA.

Dáse conta do devandito convenio por importe de 7.500 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á resolución inicial do concurso de novas ideas empresariais COMPOSTELA ACTIVA 2009.

Apróbase a resolución inicial.

7.- Adxudicación provisional das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade (Rosalía de Castro dende Romero Donallo-Santa Marta-Choupan-Volta do Castro).

Adxudícanse provisionalmente as devanditas obras á empresa DRAGADOS, S.L., por un importe de 2.121.433,19 euros (IVE a soportar pola Administración).

8.- Adxudicación provisional das obras incluídas no proxecto de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade (rúa Galeras-rúa Salvadas-rúa Vista Alegre).

Adxudícanse provisionalmente as devanditas obras á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, SA, por un importe de 2.837.123,10 euros (IVE a soportar pola Administración).

9.- Adxudicación do servizo de desenvolvemento do programa Nadalxogo 2009.

Apróbase a adxudicación provisional do contrato de referencia á empresa MARÍA DO CARME GARCÍA VICENTE, por importe de 43.000 euros (IVE a soportar pola Administración).

10.- Inclusión das obras de reforzo de firme na vía pública M-43-IV en Urceira (Eixo) no Plan de Obras e servizos adicionais 2/2009 da Deputación da Coruña.

Acórdase a inclusión das devanditas obras, cuxo orzamento ascende a 76.484,14 euros, no POS e a remisión do acordo á Deputación.